

DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS QUE SE DESPRENDEN DE GASTOS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE NATUREZA CORRENTE.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 24-2020, por un importe total de 42,20 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2020.

Visto informe proposta de Desenvolvemento Local, asinado por Dna. Isabel Villamor Cabado, coa conformidade do Concelleiro Delegado da área, don Mauricio Repetto Morbán, de data 11/11/2020, solicitando a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito por importe de 42,20 €, para dar cobertura a gastos surxidos como consecuencia da convocatoria de axudas a entidades do territorio (Asociacións e entidades validamente cosntituídas sen ánimo de lucro) para a dinamización económica e comercial.

Tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria.

Providencia asinada pola Alcaldía en data 13/11/2020 ordeando a inocación do correspondente expediente.

Dada a verificación de inexistencia de crédito adecuado e suficiente, e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria, procede a tramitación do correspondente expediente de modificación de créditos segundo o seguinte tenor, creando se procede as aplicacións orzamentarias que resulten procedentes:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
24100.22699	42,20 €	24100.48900	42,20 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	42,20 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	42,20 €

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto e o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2020/1084 de data 16/11/2020 e en virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

INTERVENCIÓN

MVF/mjlc

Refª: ispac2361482401818537736.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 24-2020

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 42,20 € euros para dar cobertura a gastos surxidos como consecuencia da convocatoria de axudas a entidades do territorio (Asociacións e entidades validamente constituidas sen ánimo de lucro) para a dinamización económica e comercial.

<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
24100.22699	42,20 €	24100.48900	42,20 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	42,20 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	42,20 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.